


1) Completa o esquema:



2) Das capas indicadas no exercicio anterior, onde esperarías atopar os materiais máis densos? Por que?

3) Dispós de tres datos de densidade. Indica a que capa da xeosfera cres que pertence cada unha.

2,8 g/cm³ A mostra do núcleo.

4,1 g/cm³ A mostra do manto.

11 g/cm³ A mostra da codia.

4) Elabora un enunciado cos seguintes grupos de palabras:

- Xeosfera, capas, densidade.
- Campo magnético, núcleo.
- Manto, capa intermedia, peridotitas.
- Minerais, rochas, xeosfera.

5) Completa a seguinte táboa:

	Espesor	Composición	Estado
Cordia oceánica			
Cordia continental			
Manto			
Núcleo externo			
Núcleo interno			

6) Escribe a definición de mineral.

7) Explica por que os seguintes materiais non se consideran minerais:

- madeira
- iceberg
- ámbar
- terrón de azúcre

8) Escribe brevemente cal é a diferencia entre as rochas volcánicas e as rochas plutónicas. Cales teñen mellor os cristais cristalizados?

9) Busca no diccionario o significado de plutón (fíxate na acepción que estea relacionada coas rochas).

10) Que dous procesos son os que transforman un sedimento brando e enchoupado en auga nunha rochas sedimentaria?

11) Que é o metamorfismo? Cales son os dous factores que producen metamorfismo?
Como se chaman as rochas resultantes deste proceso?

12) En que tipo de rochas pódese atopar fósiles?

- a. En todas as magmáticas
- b. Nas sedimentarias e nas lousas
- c. En todas as metamórficas